

AXUDAS AGADER

- LEADER
- PEQUENAS EMPRESAS
- PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS PARA CONCELLOS



agader


**AXENCIA GALEGA DE
DESENVOLVEMENTO RURAL**

QUE PRETENDEMOS COAS AXUDAS DE AGADER....

- Xerar oportunidades laborais
- Mellorar os servizos básicos e en consecuencia a calidade de vida

**NON PRETENDEMOS TA SO QUE A XENTE
POIDA VIVIR NO RURAL...**

... PRETENDEMOS QUE A
XENTE
QUEIRA VIVIR NO RURAL.




Que buscamos?



E todo xunto, é posible?

O LEADER 2014-2020 – Medida 19 PDR



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Medida Leader 2014-2020

LEADER

Durante o último ano 2016 levouse a cabo a posta en marcha do novo Leader 2014-2020.

O 18 de Decembro de 2016 publícanse no DOG as bases reguladoras das axudas correspondentes a medida 19.2 (proxectos) e 19.4 (gastos de funcionamento). Estas bases reguladoras establecen o réxime de funcionamento e subvencionalidade dos proxectos presentados polos promotores e polos propios GDR.

O 18 de decembro de 2017 publícase a segunda convocatoria para presentación de proxectos- bianualidade 2018/19

2017	2018	Total
7.630.000,00 €	9.908.970,00 €	17.538970,00 €

En este período os proxectos competirán para seren elixidos, e dicir, este Leader conleva unha concorrencia competitiva co fin de garantir unha maior calidade na asignación de fondos públicos. O 31 de marzo, os GDR deberán enviar a Agader o primeiro listado priorizado de proxectos para ser resoltos e conceder a axuda por parte de Agader. De non asignarse a totalidade da convocatoria en este prazo, os GDR contarán cunha segunda data de presentación de proxectos ante Agader no mes de xuño.

O prazo de presentación de proxectos ante os GDR estará aberto de forma permanente.

Ao final do período o Leader posibilitará a inversión de 84 millón de euros en axudas no rural galego

Pequenas empresas– Medida 6.4 PDR

➔ **Investimentos en actividades NON AGRARIAS**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



OBXECTO.-

Apoiar a adquisición de maquinaria e equipamento novos, así como a execución das obras necesarias para a súa instalación, co fin de ampliar ou modernizar unha actividade empresarial existente.

PERSOAS BENEFICIARIAS.-

- Persoas físicas suxeitas ao Réxime especial de traballadores autónomos.
- Pequenas empresas.
- Titulares dunha explotación agraria, ou membros da súa unidade familiar, que pretendan diversificar a súa actividade cara actividades non agrarias na propia explotación.

ÁMBITO TERRITORIAL.-

Todo o territorio de Galicia, con excepción das parroquias clasificadas como zonas densamente poboadas (ZDP).

PROXECTOS SUBVENCIONABLES.-

Serán subvencionables os proxectos destinados a ampliar ou modernizar pequenas empresas que desenvolvan actividades non agrarias no seguintes sectores e ámbitos de actividade:

Industrias, talleres e locais destinados a producir bens e materiais

Transformación e comercialización de produtos agrarios (anexo I do TFUE), cando o resultado dese proceso de transformación ou comercialización dea como resultado un produto non agrario (de fóra do anexo I), ata un orzamento elixible máximo de 60.000 €.

Prestación de servizos en calquera sector económico (con exclusión de empresas de maquinaria agrícola e forestal e empresas de prestación de servizos enerxéticos

Prestación de servizos sociais

Actividades recreativas, de ocio e deportivas

Actividades artesanais

Actividades baseadas na innovación tecnolóxica e no comercio electrónico

Actividades nos sectores da enxeñería, arquitectura, servizos técnicos, limpeza industrial, veterinaria..

Comercio polo miúdo de produtos non agrarios (de fóra do anexo I).

PRINCIPAIS REQUISITOS DOS PROXECTOS.-

Non estar iniciados no momento de presentar a solicitude de axuda

Desenvolverse en territorio elixible (todo o territorio de Galicia, con excepción das parroquias clasificadas como zonas densamente poboadas (ZDP).

O orzamento elixible debe estar comprendido entre 10.000 € e 300.000 €, agás no sector da artesanía, no que estes límites están referidos a 5.000 € e 100.000 €

O investimento proxectado debe mellorar o rendemento global da empresa

INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES.-

Compra de maquinaria e equipamentos novos afectos á actividade empresarial, sempre que sexan necesarios para o seu desenvolvemento

Execución de obras necesarias para o funcionamento e instalación da maquinaria adquirida

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-

O prazo para presentar as solicitudes será dun (1) mes, a contar desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no DOG

A presentación das solicitudes realizarase de forma telemática, a través dunha aplicación informática accesible desde a páxina web de Agader (agader.xunta.gal) e desde a Sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>)

DOTACIÓN ORZAMENTARIA.-

Para a tramitación da convocatoria está orzamentado un crédito por importe de 4.500.000 €, coa seguinte distribución por anualidades:

2018:2.000.000 €

2019:2.500.000 €

A dotación orzamentaria está cofinanciada por Feader (75%), fondos da Administración xeral do Estado (7,5%) e da Xunta de Galicia (17,5%)

Todos os proxectos subvencionados recibirán unha porcentaxe da axuda do 45% calculada sobre o total dos gastos subvencionables, co límite de 135.000 € de axuda.

PRAZOS DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DOS INVESTIMENTOS SUBVENCIONADOS.-

Prazo parcial de execución e xustificación (anualidade 2018): 17/09/2018.

Prazo final de execución e xustificación (anualidade 2019): 29.06.2019

Plan de mellora de camiños de concellos

Novamente no Plan marco 2018/2019, **todos os concellos de Galicia** poden ser beneficiarios das axudas previstas no citado documento, que se tramitarán en réxime de concesión directa, ao abeiro do artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DOTACIÓN ORZAMENTARIA

A dotación máxima para financiar esta convocatoria de axudas ascende a **16.000.000 €**, de fondos propios libres. (8 millóns para cada anualidade)

O importe máximo das axudas que, nos termos expostos neste documento, pode corresponder a cada un dos 313 concellos, vén determinado pola aplicación duns parámetros obxectivos (previamente consensuados coa FEGAMP), determinados pola poboación, superficie, grao de despoboamento, grao de envellecemento e nivel de agrariedade de cada concello.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Ao abeiro deste Plan marco son subvencionables as actuacións de **ampliación, mellora ou mantemento dos camiños municipais**.

As actuacións subvencionables han desenvolverse no territorio de Galicia exceptuando as zonas incluídas nos perímetros urbanos, definidos como tales no planeamento urbanístico vixente das cidades de Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



GASTOS SUBVENCIONABLES

Con carácter xeral, son subvencionables os investimentos necesarios para as obras de mellora, mantemento e ampliación da rede viaria existente. En particular, os gastos de obra civil vinculada á execución do proxecto e os correspondentes ao servizo de control da calidade da obra.

INTENSIDADE DE AXUDA

A axuda cubrirá o **100%** dos gastos subvencionables agás o IVE que correrá por conta dos Concellos.

TRAMITACIÓN

O prazo para presentar as solicitudes será dun mes a contar desde a publicación DOG da convocatoria.

RÉXIME DE PAGAMENTOS

Os concellos poderán solicitar un anticipo equivalente, como máximo, do 50% do total da axuda pública concedida

PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo máximo para executar e xustificar as actuacións subvencionadas ao abeiro do citado Plan remata o **30 de setembro de 2018**.

Con carácter previo á execución das obras por parte dos concellos, estes deberán tramitar o procedemento de contratación pública que corresponda, nos termos previstos na Lei de Contratos do Sector Público, aínda que por seguridade xurídica, non se poderán realizar contraltos menores e en todo caso se deberá ir polo menos pola vía do “contrato negociado”



Moitas grazas pola súa atención

AGADER

Javier Blanco Carballal
Subdirector de relacións cos GDR